# BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE LUGO PARA O 2021

## TÍTULO I.PRINCIPIOS XERAIS

### BASE 1. NATUREZA DAS BASES E ÁMBITO DE APLICACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 165.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e no artigo 9 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, redáctanse as presentes bases de execución do Orzamento xeral do Concello de Lugo para 2021.

As presentes Bases de Execución do Orzamento redáctanse co obxectivo de adaptar as disposicións xerais vixentes en materia orzamentaria á organización e circunstancias propias da Corporación, ditando as normas necesarias para a súa axeitada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, todo iso ao amparo do disposto nos artigos 165 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 9 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo Primero do Título Sexto da citada Lei.

A aprobación, execución e liquidación do Presuposto, así como o desenvolvemento da xestión económica e a súa fiscalización, levarase a cabo mediante o cumprimento das normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral que regulan a actividade económica das Corporacións Locais e polas presentes Bases de execución do Presuposto.

Estas bases terán carácter subsidiario das disposicións ditadas ou que se diten con carácter xeral destinadas á regulación do réxime local, ao réxime orzamentario ou ó eido da fiscalización.

O Concello e EVISLUSA -sociedade mercantil municipal de capital íntegramente local- como integradores do sector público local, de conformidade co establecido no artigo 2 da lei 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financieira, aplicarán os citados principios á elaboración, aprobación e execución dos seus orzamentos e estados de previsión de gastos e ingresos. Esta previsión será aplicable a calquera outra entidade dependiente do Concello que integre o sector público local que se constituise durante o exercicio.

### BASE 2. ENTRADA EN VIGOR. MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN.



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En virtude do establecido no artigo 9.1 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, estas Bases só estarán en vigor durante a vixencia do orzamento do exercicio 2021 e, no seu caso, previa expresa resolución da Alcaldía respecto do seu alcance, durante o período de prórroga deste.

Calquera que sexa a data da súa aprobación definitiva, expresa ou tácita, a entrada en vigor do Orzamento Xeral da Corporación para o ano 2021 verase demorada ata a súa publicación no BOP, de conformidade co disposto no artigo 169.5 do TRLFL.

Dende a aprobación definitiva do Presuposto, manterase unha copia deste e da súa documentación complementaria a disposición do público para os efectos informativos. A devandita documentación ampliarase coas modificacións orzamentarias definitivamente aprobadas.

A modificación das presentes Bases requirirá o mesmo procedemento para a súa tramitación que o determinado para a aprobación do Presuposto.

## BASE 3. INTERPRETACIÓN

As dúbidas que podan xurdir durante o período de aplicación destas Bases serán resoltas pola Alcaldía, logo de informe do órgano de xestión orzamentaria, de ser o caso, e da Intervención xeral, en todo caso, así como de calquera outro órgano directivo, se se estimara procedese.

## BASE 4. PRÓRROGA ORZAMENTARIA

Se ó iniciarse o exercicio económico do 2022 non entrase en vigor o Orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do 2021 ata o límite dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará ós créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de investimento que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con operacións crediticias, ou outros ingresos específicos ou afectados que exclusivamente foran a percibirse no dito exercicio.

Na tramitación do procedemento de prórroga orzamentaria, a determinación das correspondentes aplicacións do Orzamento do 2021 que non son susceptibles de prórroga por estar comprendidas nalgún dos supostos do parágrafo anterior, será establecida mediante resolución motivada da Alcaldía, previo informe da Intervención Xeral. Igualmente, poderanse acumular na correspondente resolución acordos sobre a incorporación de remanentes na forma prevista nos artigos 47 e 48 do Real decreto 500/1990.



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible

CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Delégase na Alcaldía a declaración de créditos non dispoñibles coa exclusiva finalidade de axustar os créditos iniciais do Orzamento prorrogado ás previsións contempladas no proxecto de Orzamento pendente de aprobación.

Mentres dure a vixencia desta prórroga poderán aprobarse as modificacións orzamentarias previstas pola Lei.

Aprobado o Orzamento, deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do Orzamento prorrogado.

## TITULO II. ESTRUCTURA ORZAMENTARIA

### BASE 5. CONTÍA, CONTIDO E ESTRUTURA DO ORZAMENTO XERAL

1. O **Orzamento xeral para o 2021** ascende, nivelado en ingresos e gastos á contía de **106.478.713,77 euros**. Está integrado polo da propia Corporación e os estados de previsión de gastos e ingresos de EVISLUSA, co seguinte detalle:

**O Orzamento da propia Corporación ascende, en euros, a:**

| | |
|---|---|
| **- En ingresos** | **106.478.713,77** |
| **- En gastos** | **106.478.713,77** |

**O orzamento de EVISLUSA ascende a:**

| | |
|---|---|
| **En ingresos** | **345.793,37** |
| **En gastos** | **345.793,37** |

**O estado consolidado ascende:**

| | |
|---|---|
| **- En ingresos** | **106.478.713,77** |
| **- En gastos** | **106.478.713,77** |

### BASE 6. RÉXIME XERAL DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal foran autorizados no Orzamento xeral do Concello ou nas súas modificacións debidamente aprobadas.

Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante, e non poderán adquirirse compromisos de gastos en contía superior ó importe deles, coa consecuencia da nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
MURALLA patrimonio da humanidade

administrativos que infrinxan a expresada limitación, todo isto de conformidade co disposto nos artigos 173.5 do TRLRFL, e 25.2 do Real decreto 500/1990 que a desenvolve. O cumprimento destas limitacións deberá verificarse ó "*nivel de vinculación xurídica*" que se sinala na base 8.

Non poderá destinarse crédito previsto para revisións de prezos ó recoñecemento de créditos, ás melloras ou ampliacións de servizos, nin aplicar o crédito destinado á servizos ordinarios para servizos extraordinarios, agás que se acredite a súa dispoñibilidade de xeito motivado e xustificado.

Delégase na Alcaldía a declaración de créditos non dispoñibles coas seguintes finalidades:

a) axustar os créditos iniciais do Orzamento ás previsións contempladas no estado de previsións de ingresos do Orzamento, cando se derivaran desviacións esenciais entre as previsións de ingresos e a súa execución.
b) cumprimento das disposicións normativas dictadas por outras administraciòns, ou das interpretacións destas disposicións, respecto da inmovilización ou bloqueo de determinado crédito consignado para gastos.
c) axustes orzamentarios que procedan como consecuencia da creación de entidades mercantiles ou encomendas a estas para a xestión de servizos públicos esenciais, respecto da anulación das previsións de ingresos e bloqueo do crédito consignado para gastos na contía equivalente que corresponda.

Cando o obxectivo relativo á indisponibilidade ou inmovilización de crédito poda ser conquerido mediante a correspondente retención de crédito, con expresión da circunstancia singular que a motiva, poderá realizarse polo órgano responsable da Contabilidade dando conta á Tenente de Alcaldesa delegada de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos e á Alcaldía.

## BASE 7. PRINCIPIO DE ANUALIDADE ORZAMENTARIA

Con cargo ós créditos do estado de gastos do Orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Non obstante, aplicaránselles ós créditos do Orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós orzamentos xerais da entidade local (Art 176.2a) TRLRFL).

b) As que resulten do recoñecemento de retribucións e indemnizacións ó personal funcionario ou laboral, en virtude de sentencias xudiciais firmes.

c) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores mediante as correspondentes resolucións



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible

CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

administrativas, aínda que estén pendentes de contabilización. Pódense distinguir os seguintes supostos:

1. Con carácter excepcional, e para garantir o correcto funcionamento dos servizos básicos, poderanse imputar ó crédito do exercicio vixente sen necesidade de tramitación previa de expediente de incorporación de remanentes, os gastos de natureza corrente correspondentes a mantenemento de servizos básicos esenciais –ordinarios, recurrentes, periódicos, repetitivos e de tracto sucesivo-, devengados nos dous últimos meses do exercicio anterior, cuxa tramitación non se realizara no exercicio de devengo, sempre que se acredite no expediente os seguintes requisitos:
   - Que se refiran a gastos derivados de contratos debidamente formalizados e que non tiveran perdido vixencia.
   - Que exista crédito abondo nas consignacións presupostarias incluídas nos Presupostos.
   - Que queden acreditadas as circunstancias que motivaron a imposibilidade da súa imputación o exercicio de devengo.

2. Obrigas derivadas de cuotas de participación en asociacións, consorcios, agrupacións etc.. recollidas nos seus respectivos estatutos, dos que o Concello formara parte de conformidade cos acordos adoptados polo órgano competente.
3. Gastos realizados ou devengados nos últimos dous meses do exercicio que pola súa contía se encadren dentro dos denominados "*contratos menores*" pola lexislación de contratos das administracións públicas, sempre que exista crédito dotado. Poderá considerarse, a estos efectos, que a retención de crédito derivada da proposta de gasto debidamente tramitada, equivale a compromiso correspondente a favor do terceiro proposto.

A imputación destas obrigas ó orzamento do exercicio realizarase polo órgano competente en función do reparto de competencias e os decretos de delegación de competencias para aprobación de gastos.

No suposto previsto no artigo 47.5 do Real decreto 500/1990, requirirase a previa incorporación dos créditos correspondentes.

d) Con carácter excepcional, as obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500/1990, relativas ó recoñecemento extraxudicial de créditos, segundo os seguintes criterios.

1. Nos casos nos que o Pleno habilite de forma expresa o crédito inicial presupostario suficiente para a incoación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas, a tramitación do expediente corresponderá á Alcaldía ou ao órgano competente en función das



MURALLA patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

delegacións conferidas, sen perxuizo do informe da Intervención xeral, que haberá de emitirse, en todo caso.

2. No resto dos supostos, o acordo de aprobación deberá ser adoptado polo Pleno da Corporación, coa formación previa do expediente de modificación presupostaria que, de ser o caso, fose requirido para a habilitación de crédito, e logo de informe da Intervención xeral Municipal.

Os procedementos iniciaranse a instancia da Unidade xestora do gasto, coa conformidade do Concelleiro Delegado correspondente, a cal solicitará a imputación das obrigas a créditos do exercicio corrente, achegándose informes de xestión nos que se especifiquen as causas xustificativas polas que non pudo realizarse a súa imputación presupostaria no exercicio de devengo.

**BASE 8: NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS**

Para a confección do Orzamento Xeral da Corporación, aplicáronse as estruturas por programas e económica aprobadas e vixentes para o exercicio 2021 presentándose en consecuencia co seguinte detalle:

<u>Estado de gastos</u>.

- Clasificación por programas, con desenvolvemento a nivel de cinco díxitos (Área de Gasto, Política de gasto, Grupo de programas, Programa e Subprograma).
- Clasificación económica, con desenvolvemento a cinco díxitos (Capítulo, artigo, concepto e subconcepto).

A conxunción das devanditas clasificacións constitúe a aplicación presupostaria, a expresión cifrada da cal é o crédito presupostario. O rexistro contable dos créditos, das súas modificacións e das operacións de execución do gasto, realizarase sobre a aplicación presupostaria antes definida. O control fiscal efectuarase sobre o nivel de vinculación xurídica establecido nas presentes bases.

O rexistro contable das previsións iniciais, as súas modificacións e das operacións de execución do presuposto de ingreso, realizaranse sobre o subconcepto presupostario correspondente. Conforme ao establecido na Circular da Intervención Xeral da Administración do Estado de 11/03/1985, nos casos en que, existindo dotación orzamentaria para un ou varios conceptos dentro do nivel de vinculación establecida, se pretenda imputar gastos a outros conceptos ou subconceptos do mesmo nivel de vinculación en contas que non figuren abertas na contabilidade de gastos por non contar con dotación orzamentaria, non se precisará previa operación de transferencia de crédito, pero no primeiro documento contable que se tramite con cargo a tales conceptos (RC, A, AD o ADO) haberá de facerse



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible

CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

constar tal circunstancia mediante dilixencia en lugar visible que indique *“primeira operación imputada ó concepto”.*

Estado de Ingresos.

- Clasificación económica, con desenvolvemento a nivel de Capítulo, artículo, concepto e subconcepto (cinco díxitos).

Coa finalidade de dar cumprimento ao principio de especialidade cuantitativa, que fixa o límite máximo de gasto, establécese para o exercicio 2021 o seguinte nivel de vinculación xurídica dos créditos presupostarios:

1. Regra xeral: os niveis de vinculación xurídica dos créditos establécense a nivel de Grupos de Programa e Capítulo.
2. Excepcións:
    - Gastos con financiamento afectado, nos termos da súa afectación e tendo en conta o establecido nestas bases.

**BASE 9. TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE GASTOS**

Os expedientes administativos de contratación que xeren obrigas económicas para o Concello, poderán iniciarse no exercicio presupostario inmediatamente anterior a aquel no que se teña que materializar efectivamente a contraprestación, de conformidade co establecido na normativa sobre Contratos do Sector Público, debendo reflectirse no correspondente Prego de Condicións Administrativas Particulares, a circunstancia de que o gasto proxectado queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente.

O certificado de existencia de crédito substituirase por informe de Intervención no que se fará constar, ademais das circunstancias anteriores, a necesidade de adopción do compromiso da Xunta de Goberno do que resulte a obriga de incluír o crédito no Presuposto do exercicio seguinte.

A validez de todos os actos de trámite ditados nestes expedientes entenderanse condicionados a que ao aprobarse o compromiso de gasto, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que aqueles foron ditados, o que se acreditará no expediente por medio de dilixencia subscrita polo responsable da Unidade xestora.

No caso de gastos que se articulen mediante propostas de gasto (contratos menores) nos supostos de tramitación de modificacións orzamentarias que requiran exposición pública, os órganos xestores poderán tramitar o gasto logo da aprobación inicial da modificación, facendo constar a súa tramitación con cargo á dita modificación.



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**BASE 10. GASTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO**.

A autorización de gastos con cargo ao importe dos créditos financiados con recursos extraordinarios (subvencións finalistas, operacións de préstamo, contribucións especiais, alleamento de investimentos reais etc) supedítase á certificación de existencia de crédito por parte do órgano responsable da Contabilidade Municipal e previa fiscalización da Intervención xeral Municipal, esixíndose a acreditación documental no expediente da executividade de tales recursos.

En todo caso, a disposición ou compromiso deste tipo de gastos quedará subordinada á obtención do documento acreditativo do dereito a favor da entidade local, entendido como compromiso firme de financiamento, cando menos.

Entenderase como documento xustificativo suficiente:

- Nas subvencións e transferencias doutros entes públicos, a notificación oficial da concesión ou copia dos convenios subscritos.
- Nos donativos, axudas, acordos de patrocinio e  achegas en xeral, o compromiso documental subscrito cos devanditos entes o persoas físicas, ou no seu caso, a acreditación documental por parte do donante da finalidade e contía así como a acreditación, en todo caso, da efectiva materialización do ingreso. No suposto de achegas para o financiamento de gastos correntes sen que se especifique afectación ningunha ao destino dos fondos por parte do concedente, practicarase o correspondente asento contable de liquidación sen codificación e sen vinculación específica a gasto concreto.
- Nas operacións de crédito, a formalización do contrato, sen prexuízo de aqueles expedientes administrativos nos que sexa conveniente e urxente a súa iniciación (como consecuencia de prazos de xustificación de subvencións, actuacións urxentes etc,), pode admitirse, con carácter execepcional a proposta de adxudicación do contrato, sen prexuízo do condicionamento da efectividade do crédito á efectiva formalización.
- Nos allleamentos de bens patrimoniais, a formalización do contrato.

**BASE 11. PROXECTOS DE INVESTIMENTO.**

Os proxectos de investimento e o seu financiamento quedará establecido no Anexo de Investimentos do Orzamento. A súa execución terá prioridade sobre outros que, no seu caso, puidesen imputarse ao crédito presupostario respectivo.

A determinación específica dos citados proxectos así como o seu financiamento virá establecida no Anexo de Investimentos con especificación do investimento a realizar e o crédito que o financia. As alteracións no Anexo de



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible

CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Investimentos deberán ser aprobadas polo Pleno da Corporación cos mesmos requisitos que a aprobación do Presuposto, sempre que as devanditas alteracións esixan modificacións presupostarias de competencia plenaria. Aos efectos do disposto neste parágrafo, non se entenderá como alteración do Anexo de Investimentos a modificación da fonte de financiamento de cada proxecto específico como consecuencia da aparición de recursos financeiros propios derivados do remanente de tesoureiría ou do alleamento de investimentos, para o que será suficiente a acreditación de tales recursos e a súa aprobación por Decreto da Alcaldía.

No suposto de Gastos Financiados con ingresos afectados de natureza municipal, como é o caso dos derivados dos resultados obtidos cos aproveitamentos urbanísticos, poderanse incorporar os saldos de créditos ás partidas correspondentes, sen prexuízo de que podan imputarse a outras finalidades, dentro do nivel de vinculación xurídica dos créditos, se así se resolvera pola Alcaldía motivadamente (en calquera caso, respectando o destino que legalmente debe darse a tales ingresos).

A preferencia na asignación dos recursos necesarios para a súa realización será:
1º.- proxectos de investimento con financiamento total ou parcialmente afectado a este,
2º.- os proxectos procedentes de exercicios anteriores para a finalización da cal non sexan suficientes os créditos incorporados e non estea prevista a correspondente consignación orzamentaria. Neste caso procederá unha modificación do Anexo de Investimentos mediante unha modificación presupostarias -transferencia de crédito- que será aprobada por decreto de Alcaldía ou órgano competente, agás que se requira a aprobación de expediente de modificación presupostaria por parte do Pleno corporativo.

En caso de obtención a posteriori de financiamento con carácter finalista para executar proxectos incluídos no Anexo de Investimentos, poderanse liberar os recursos financeiros de achega municipal por importe igual ao da subvención concedida, ben para a súa aplicación a outro proxecto dos contemplados no Anexo, ben a un novo. A reasignación de recursos efectuarase por Decreto de Alcaldía ou órgano competente en función das súas delegacións, previo informe da Intervención; ademais no caso de que a achega municipal tivese natureza corrente, a utilización dos recursos quedará supeditada á acreditación fidedigna de que o ritmo de execución dos ingresos da devandita natureza se corresponde coas previsións presupostarias aprobadas.

## BASE 12: CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO



MURALLA
patrimonio da humanidade
FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se tramiten durante a vixencia do orzamento ateranse ás normas establecidas no artigo 177 do TRLRFL e artigos 35 a 38 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e suxetaranse aos seguintes trámites e documentos, sen que se requira o sometemento do proxecto á aprobación da Xunta de Goberno Local:

- Memoria da Alcaldía sen que neste caso sexa preciso acordo algún da Xunta de Goberno Local..
- Informe de Intervención e ditame da Comisión Especial de Contas.
- Aprobación inicial polo Pleno.
- Exposición pública do expediente por prazo de quince días, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia.
- Aprobación definitiva polo Pleno no suposto de que se presentaran reclamacións, noutro caso o acordo aprobatorio inicial considerarase definitivo sen necesidade de acordo posterior.
- Publicación do expediente, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia.
- Simultaneamente ó envío do anuncio da publicación indicado no parágrafo anterior, remitirase de ser o caso, copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

## BASE 13: AMPLIACIÓNS DE CRÉDITOS

1. Consideraranse partidas de crédito ampliables, así como os recursos expresamente afectados que serven de contrapartida, os seguintes, sen prexuízo da aplicación do contido da Lei 2/2012:

a) os gastos de execución subsidiaria pola administración, en función do recoñecemento ou liquidación de dereitos como consecuencia da tramitación orzamentaria do expediente, así como aquelas correspondentes a gastos directamente vinculados os ingresos afectados que podan financialas (como podan ser os créditos para gastos derivados dos contratos de servizos respecto dos que , mantendo o prezo unitario ou porcentual, o prezo definitivo se establezca en función dos dereitos liquidados polo seu prestador).

b) os gastos derivados da execución do contrato de prestación de servizo de comedores escolares (32000.22799), en función da efectiva liquidación e recoñecemento dos prezos públicos de aplicación por encima dos orzamentados (concepto 34904)

c) os gastos do capítulo 8 de Activos financeiros derivados da concesión de préstamos ó persoal municipal, en función do recoñecemento e liquidación por encima do previsto, dos reintegros de tales préstamos previstos no capítulo 8 de ingresos.

2. O expediente que regula a ampliación de créditos deberá especificar o recurso que financiará o maior gasto e a efectividade do mesmo. O dito recurso deberá estar afectado ó gasto ou crédito do cal se pretenda ampliar, e non



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

procederá de operacións de crédito. Bastará para proceder á ampliación do crédito co efectivo recoñecemento do dereito, malia que aínda non se producise o seu ingreso, e ampliarase na contía deste.

A Intervención informará sobre os aspectos que se establecen no parágrafo precedente e, unha vez cumpridas as formalidades que anteceden e aprobado o expediente pola Alcaldía, será executivo sen máis, e efectuaranse as modificacións previstas.

**BASE 14. TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO**

A transferencia de crédito entre partidas orzamentarias que se encontren dentro da mesma Area de Gasto e pertenzan a distintos niveis de vinculación xurídica será proposta pola unidade xestora dos créditos orzamentarios ou pola Alcaldía, establecendo na proposta a motivación do expediente.

Se a transferencia de crédito que se propón afecta a créditos de persoal (tanto o aumento como a disminución), aínda no caso de pertenza a distinta Area de Gasto, será aprobada pola Alcaldía.

Non terán a consideración legal de transferencias as alteracións de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes a un mesmo nivel de vinculación xurídica, segundo o previsto na base 5ª.

En todo expediente de transferencia de créditos deberá figurar informe do órgano de xestión orzamentaria e da Intervención xeral sobre a súa procedencia e formalidades legais ás que haberá de axustarse.

O expediente será executivo unha vez adoptada a resolución aprobatoria polo órgano correspondente.

En todo caso, a aprobación das transferencias de crédito entre distintas Areas de gasto que non afecten a créditos de persoal (en aumento e disminución), será competencia do Pleno da Corporación, acomodándose a súa tramitación ás formalidades e requisitos esixidos na Base 12 das presentes Bases para os créditos extraordinarios e suplementos de créditos, nos termos establecidos nos artigos 168 a 170 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 en relación co artigo 40.3 do Real Decreto 500/1990. A aprobación dos demais expedientes de transferencia de crédito corresponderá á Alcaldía.

**BASE 15. XERACIÓN DE CRÉDITOS POR INGRESOS**

Para proceder á xeración de créditos conforme se establece nos artigos 43, 44 e 45 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, incoarase o correspondente expediente, que deberá conter:

1. Proposta da unidade xestora responsable da área de goberno, onde se sinale a determinación concreta dos conceptos do orzamento de ingresos onde se producira un ingreso ou compromiso de ingreso non



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

previsto no orzamento inicial ou que exceda da súa previsión inicial e a contía do ingreso ou compromiso.

2. Informe do órgano de xestión económico financeiro, de ser o caso, e da Intervención Xeral respecto da acreditación da contabilización do dereito ou do compromiso firme de aportación tendo á vista o documento orixinal polo que se orixine o compromiso ou a obriga en firme de ingreso pola persoa física ou xurídica en particular.
3. A fixación das aplicacións orzamentarias de gastos e o crédito xerado como consecuencia dos ingresos afectados.
4. Cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 44 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

Corresponde a aprobación do expediente á Alcaldía, tras o informe previo do órgano de xestión orzamentaria e da Intervenciòn.

No suposto de que o crédito dispoñible nas correspondentes aplicacións orzamentarias do Estado de Gastos se considere suficiente para o financiamento do incremento dos gastos necesarios para o desenvolvemento das novas actividades que se deriven do novo compromiso de ingreso, non será necesaria a tramitación do expediente, considerándose como maior ingreso. Non obstante, será posible a incoación do expediente de xeración de créditos, no suposto de que o compromiso finalista de financiamento o sexa para actividades executadas con anterioridade e financiadas con cargo a recursos propios ordinarios, devolvendo nese suposto o crédito á aplicación orzamentaria.

## BASE 16.INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO

Teñen a consideración de remanentes de crédito os saldos dos créditos definitivos non afectados ó cumprimento de obrigas recoñecidas.

Os créditos daquelas partidas poderán ser incorporados como remanentes de crédito ó orzamento do exercicio seguinte, do seguinte xeito:

a) Créditos que poden ser incorporados:

- Os créditos extraordinarios, os suplementos de crédito e as transferencias de créditos que foran aprobados no último trimestre do exercicio.
- Os créditos que amparen compromisos ou disposicións de gastos aprobados polos órganos competentes da Corporación que a 31 de decembro non chegaran a fase de obriga recoñecida e liquidada.
- Créditos por operacións de capital.
- Os créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.

b) Requisitos:

- Que exista financiamento.
- Informe do órgano de xestión orzamentaria e da Intervención.
- Aprobación pola Alcaldía



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Con carácter xeral a determinación dos remanentes incorporables e a aprobación dos expedientes de incorporación, levarase a cabo xunto coa liquidación do presuposto do exercicio de procedencia.

Non obstante, a incorporación dos remanentes de créditos que amparen proxectos de gasto con financiamento afectado poderá realizarse, unha vez pechado o exercicio de procedencia, con antelación a aquela liquidación, debendo acompañarse do estado de desviacións de financiamento. Tales remanentes deberán incorporarse obrigatoriamente ao exercicio seguinte, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto, ou ben se faga imposible a súa realización.

En todo caso, na incorporación dos remanentes deberá respectarse a seguinte orde de prioridade:
- incorporación de remanentes de crédito que amparen proxectos de gasto con ingresos afectados.
- incorporación de remanentes de crédito que amparen compromisos de gasto debidamente adquiridos no exercicio anterior.
- o resto dos remanentes de carácter voluntario.

En ningún caso procederá a incorporación de remanentes se o remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do exercicio de procedencia ou da última practicada, fose negativo, salvo os derivados de Gastos con financiamento afectado no importe correspondente á desviación acumulada positiva, ou ó compromiso de financiamento afectado.

**BASE 17: BAIXAS DE CRÉDITO POR ANULACIÓN**

Sempre que os créditos das diferentes partidas de gastos do Orzamento xeral poidan ser reducibles ou anulables sen perturbación do respectivo servizo ó que vaian destinados, poderán darse de baixa, coa observancia dos seguintes requisitos:

- Formación de expediente a iniciativa da Alcaldesa.
- Informe do órgano de xestión orzamentaria e da Intervención xeral.
- Aprobación polo Pleno da entidade local.

Cando as baixas de créditos se destinan a financiar suplementos ou créditos extraordinarios, formarán parte do expediente que se tramite para a aprobación daqueles. A súa tramitación será a establecida para créditos extraordinarios e suplementos de créditos.

No suposto de que as baixas se destinen á finalidade que se fixe en execución doutros acordos do Pleno da entidade local, serán inmediatamente executivas sen necesidade de efectuar ningún novo trámite.



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

# TÍTULO III NORMAS DE XESTIÓN ORZAMENTARIA DE GASTOS

## BASE 18: NORMAS XERAIS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

A xestión dos créditos incluídos no estado de gasto do Orzamento xeral realizarase nas seguintes fases:

a) Autorización do gasto.
b) Disposición ou compromiso do gasto.
c) Recoñecemento e liquidación da obriga.
d) Ordenación do pagamento (sen repercusión contable e orzamentaria)

As ditas fases terán o carácter e contido definido nos artigos 54 a 61 do Real decreto 500/1990.

Con carácter previo, poderase proceder polo órgano competente á retención do crédito correspondente, con base nas propostas de gasto ou modificacións de crédito. Así mesmo, o órgano responsable da contabilidade municipal, poderá efectuar retencións de crédito para garantir a existencia de crédito suficiente para o suposto de gastos con devengos periódicos e importes susceptibles de estimación anual previa, así como para outros gastos de probable execución, ben a proposta da Alcaldía ou Concellería delegada en materia de de Economía ou de oficio. Tamén poderá efectuarse a retención de créditos contable respecto ó crédito destinado á cobertura de gastos de devengo certo e cuantía determinada, así como nos supostos e coa finalidade establecida na Base núm 6.

Nun só acto administrativo poderase acumular a autorización e a disposición do gasto cando se coñeza certamente a cantidade que vai supoñer o servizo, obra ou subministración que se vai realizar. Así mesmo, poderanse acumular nun só acto as fases de autorización-disposición e recoñecemento ou liquidación da obriga cando se refiran a gastos de carácter ordinario ou os extraordinarios para investimento, cando a normativa de contratación pública ó admita e demáis supostos establecidos contemplados nas presentes bases; igualmente, admitirase a acumulación por imperativo do programa contable, das fases de disposición do gasto e recoñecemento ou liquidación da obriga.

En todo caso, para que proceda a acumulación das distintas fases de xestión do gasto será requisito imprescindible que o órgano que adopte a decisión teña competencia orixinaria, delegada ou desconcentrada para acordar todas e cada unha das fases que nas resolucións se inclúan.

a) <u>Autorización e disposición de gastos</u>



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Con cargo ós créditos do estado de gastos do Orzamento da entidade, corresponderalle:

Ó Pleno da Corporación a autorización de gastos de:

- O recoñecemento extraxudicial de créditos, cando non exista dotación orzamentaria, operacións especiais de crédito, ou concesións de "*quita e espera*".
- Aqueles gastos en asuntos da súa competencia.

A Alcaldía a autorización e disposición de gastos de:

- Aqueles gastos que estean dentro das materias da súa competencia.
- Os demais que lle atribúan expresamente as leis e aqueles que a lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma asignen ó municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Á Xunta de Goberno Local a autorización e disposición de gastos de:

- Aqueles gastos que estean dentro das materias da súa competencia.
- Os demais que lle correspondan de acordo coas disposicións legais vixentes.

Á Xunta de Goberno Local a disposición de gastos de:

- Os previamente autorizados polo Pleno.

Alcaldesa ou Tenentes de Alcaldesa a:

- Todos aqueles gastos que lles foran delegados, segundo os acordos de delegación de competencias vixentes en cada momento.

b) <u>Recoñecemento ou liquidación de obrigas</u>

Requírese como trámite previo que cada factura cumpra as prescripcións normativas vixentes relativas ó regulamento das obrigas de facturación, e que sexa conformada polo funcionario ou persoal laboral do servizo correspondente, e pola Alcaldesa, Concelleiro Delegado competente ou Delegado de Área. No suposto de que a Area de xestión teña asignada exclusivamente personal eventual, e dita Area non estivera integrada administrativamente noutra superior, a prestación da conformidade pode asumirse por este, sempre que non se trate de prestacións de carácter técnico cualificado.

A conformidade a que se refire o parágrafo anterior deberá quedar suficientemente acreditada tanto polo responsable do servizo como da Area de xestión nos termos e procedementos de tramitación que se adoiten polo Concello de Lugo na tramitacion electrónica da facturación, sen prexuízo das consideracións adicionais, comentarios, visados ou informes que se configuren nos distintos circuitos de tramitación que se apliquen na súa tramitación.

Cando a comprobación do investimento precise de coñecementos técnicos, ésta farase por medio de certificación expedida polo técnico correspondente e co



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

visto e prace da Alcaldesa ou Concelleiro Delegado competente. A conformidade dos técnicos, ademais da comprobación da execución do investimento, implicará que a obra, servizo ou subministración, se efectuou segundo as condicións técnicas que serviron de base para a adxudicación.

No documento xustificativo da prestación do servizo ou subministro, verificarase pola Intervención os seguintes extremos:
a) Conformidade dos responsables técnicos e da Area xestora.
b) Dilixencia de existencia de crédito asinada polo responsable da Contabilidade.
Comprobados que sexan tales extremos, procederase á tramitación e fiscalización da factura ou documento xustificativo do gasto,
O recoñecemento das obrigas, unha vez adoptado legalmente o compromiso de gastos, corresponderalle á Presidenta da Corporación e Tenentes de Alcaldesa ou órgano en quen delegue, segundo os decretos e acordos de delegación en cada caso vixentes.

Entenderase por práctica administrativa contable ortodoxa que, dentro das consignacións do Orzamento vixente, poden recoñecerse obrigas polo importe de recibos ou facturas de subministracións e servizos do fin do ano anterior que habitualmente se presentan a principios do exercicio seguinte, sen prexuízo do establecido na base núm 7.

Con carácter absolutamente excepcional e sempre que non sexa posible outra forma de facturación (así, gratificacións a colaboradores en actividades tales como monitores en campamentos organizados polo Concello e outras de análoga natureza), logo de fiscalización de Intervención xeral e sen prexuízo da necesaria aplicación na tamitación do gasto dos principios de igualdade e demais establecidos na Constitución, admitiranse como documentos soportes do recoñecemento da obriga, as declaracións das persoas debidamente identificadas que figuren como realizadores da actividade ou servizo de que se trate. Estes documentos entenderanse como declaración xurada de quen os asine e deberá en todo caso conformarse polo Concelleiro competente e o persoal municipal responsable, mediante dilixencia ao efecto, que representará a aceptación da execución do servizo nos termos descritos no documento xustificativo, ao que poderase acompañar copia do DNI do suxeito prestador dos servizos. Asimesmo, respecto das contías sinaladas na Base 18, n) e o) das presentes Bases, servirá como documento xustificativo o parte asinado polo responsable do servizo que acompañe o listado de fichaxe correspondente respecto das quendas realizadas polos respectivos traballadores.

Dependendo da natureza dos bens, poderá aceptarse a condición de bens non inventariables, as subministracións o custo de adquisición de elementos cuxa valoración individual non supere os **500 euros**, podendo imputarse tales gastos ás aplicacións correspondentes ao Capítulo II *"Gastos en bens correntes e servizos"*



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

se ben subordinado ó exame da natureza do ben en cuestión en cada caso concreto.

O Inventario do rexistro de facturas realizarase no soporte informático que ofrece a aplicación do programa informático, polo que as facturas deberán especificar os criterios e números de rexistro que posibiliten a identificación singular destas para tales efectos, ó abeiro da entrada en vigor da normativa sobre facturación electrónica (Ley 25/2013 e Orden EH492/2014).

Poderán recoñecerse obrigas, dentro das consignacións de orzamento corrente, por aplicación dos preceptos correspondentes da Lei xeral orzamentaria, así como os do R.D. 500/1990, do 20 de abril.

c) Ordenación do pagamento

A ordenación de pagamentos daquelas obrigas previamente recoñecidas corresponderalle á Alcaldesa ou Tenente de Alcaldesa en quen delegue, segundo as delegacións competenciais vixentes. As ordes de pagamento deberán acomodarse ó plan de disposición de fondos que, de ser o caso, se estableza, e terán prioridade, en todo caso, os gastos de persoal e as obrigas contraídas en exercicios anteriores así como os gastos prioritarios establecidos na normativa vixente ós que se lles recoñeza tal natureza.

A ordenación dos pagamentos efectuarase mediante a sinatura do documento contable "P" obtido da contabilidade, ou ben mediante a sinatura das relacións de ordes de pago obtidas da contabilidade (relaciones P) que recollerán, como mínimo, e para cada unha delas a identificación do acreedor e os importes a pagar, segundo se determine en cada momento pola Tesourería Municipal.

A sinatura da ordenación dos pagamentos suporá que por parte da Tesourería comprobáronse os seguintes extremos:

- Que as contas bancarias foron comunicadas polos perceptores.
- Que a relación de pagos axústase ao plan de disposición de fondos e ao plan de tesourería.
- Que as retencións practicadas, no seu caso, correspóndense con embargos previamente comunicados ao Concello por autoridades administrativas ou xudiciais ou a compensacións resoltas polo órgano municipal compentente.
- Que os pagos aos cesionarios obedecen a comunicacións de cesións de créditos recibidas a través do Rexistro Xeral sobre obrigas recoñecidas non afectadas por outras cesións de créditos e/ou embargos previos.

A sinatura da orde de transferencias para o pago suporá, pola súa parte, a fiscalización de conformidade pola Intervención Municipal da orde de pago.



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible

CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A cesión de créditos esixirá o prévio recoñecemento da obriga correspondente para a súa efectividade, asi como a solicitude expresa do interessado seguindo os modelos sinalados ao efecto póla Tesourería municipal, e en todo caso, debendo achegarse a documentación correspondente ao contrato de cesión de créditos asinado, que deberá identificar os créditos cedidos, a acreditación da capacidade dos asinantes (cedente e cesionario), asi como a súa identificación a través da copia do DNI, e certificación de titularidade da conta bancaria onde se solicita que se efectúe o pagamento.

d) <u>Xustificación dos pagamentos</u>

Non poderán expedirse ordes de pagamento sen que previamente se acreditara documentalmente ante o órgano competente para recoñecer as obrigas a realización da prestación ou o dereito do acredor, e todo isto de conformidade coas resolucións aprobatorias da autorización e compromiso do gasto.

Para autorizarse un pagamento, esixirase a factura orixinal, debidamente conformada e garantida polo selo ou sinatura da casa subministradora (admitíndose “duplicados” en caso de extravío )

e) <u>Esixencia común a toda clase de pagamento</u>

O pagamento material xustificarao a Tesourería mediante orde de transferencia bancaria debidamente dilixenciada pola entidade financeira, ou a carta de pagamento correspondente nos supostos de compensación ou formalización.

f) <u>Xustificación en casos especiais</u>

Alugamentos e recibos periódicos: Se o recibo abrangue un período que abarque dous exercicios económicos, aplicarase ó exercicio en que se presente o recibo ó Concello.

g) <u>Recoñecemento extraxudicial de créditos</u>

- Tramitarase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ó orzamento corrente de obrigas derivadas de gastos efectuados en exercicios anteriores, sen máis excepcións que as previstas no artigo 176.2 do R.d.l. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Así mesmo, será de aplicación o establecido na base núm 7.

- O recoñecemento extraxudicial de créditos esixe:

1. Recoñecemento da obriga, mediante a explicación circunstanciada de tódolos condicionamentos que orixinaron a situación irregular, motivando a necesidade de propoñer unha indemnización substitutiva a favor do terceiro interesado, polo valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación e a inconveniencia de proceder á revisión de oficio do acto administrativo que corresponda, no seu caso.

2. Existencia de dotación orzamentaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto.



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

De non existir dotación orzamentaria no Orzamento inicial requerirase a súa habilitación mediante o oportuno expediente de modificación de créditos, que será previo ó acordo sobre recoñecemento da obriga.

- O expediente para o recoñecemento da obriga deberá ter, como mínimo, os seguintes documentos:

1.Memoria xustificativa subscrita polo Técnico responsable do Servizo e conformada pola Alcaldesa ou Tenente de Alcaldesa correspondente, sobre os seguintes extremos:

* Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo correspondente asi como a inconveniencia de revisión do oficio do acto en cuestión.

* Data ou período de realización.

* Importe da prestación realizada.

2.Factura detallada ou documento acreditativo do dereito do acredor ou da realización da prestación debidamente conformados polos responsables do Servizo e, no seu caso, certificación de obra.

3.Informe do Servizo correspondente, nos casos de imputación ó Orzamento do exercicio corrente, de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación durante todo o ano en curso.

4.Informe do Servizo correspondente, cando non exista dotación no Orzamento inicial, sobre a tramitación da modificación de crédito necesaria.

5.Informe do órgano de xestión orzamentaria e da Intervención Xeral.

6.Calquer outro documento que se estime necesario para unha mellor xustificación do gasto.

h) Norma especial para gastos con cargo ó capítulo VI do Orzamento (investimentos reais).

Os compromisos de gastos con cargo ó expresado capítulo que deban atenderse con préstamos que as financien ou subvencións ou ingresos procedentes de contribucións especiais, cotas de urbanización, aproveitamentos urbanísticos ou ingresos de alleamento de investimentos reais quedan condicionadas a que fose obtida a concesión do crédito pola entidade financeira correspondente e, se é o caso, a autorización da Xunta de Galicia, ou o compromiso firme da subvención, contribucións especiais, cota de urbanización e aproveitamentos urbanísticos ou alleamento de investimentos reais. Para tal efecto, en tanto non se produza tal condición, o órgano responsable da Contabilidade non certificará a existencia de consignación orzamentaria, sen prexuízo do establecido na base 10.

i) Retribucións e asignacións a membros da Corporación e grupos políticos

1.- A Alcaldesa percibirá como retribución, en réxime de dedicación exclusiva, a determinada polo Pleno da Corporación con ocasión do inicio do mandato e nos termos dese mesmo acordo



MURALLA
patrimonio da humanidade
FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación exclusiva e dedicación parcial os concelleiros e concelleiras previstos no antedito acordo plenario segundo corresponda en cada caso.

Aplicarase as asignacións anteriores aos cargos con dedicación exclusiva ou parcial dos/das tenentes/as alcaldes delegados/as de área, concelleiros/as delegados/as ou concelleiros/as nos suposto de redistribución das áreas de goberno, a proposta da Alcaldía Presidencia, sen prexuízo, por unha banda, do devengo dúnha única en caso de acumulación de Areas distintas con dedicación exclusiva ou parcial, e por outra, da reasignación das Areas definidas en caso de redistribución das mesmas.

3.- Ao abeiro do establecido no artigo 73.3 da LBRL, a dotación económica mensual que corresponde a cada grupo será a que resulte da suma dos seguintes conceptos:
a) Compoñente fixa: 1200 euros.
b) Compoñente variable: 500 euros por membro.

Os grupos políticos levarán unha contabilidade específica da dotación económica asignada polo Pleno da Corporación, con cargo ós orzamentos anuais desta, na que se reflectirá a situación e xestión económica nos libros e rexistros adecuados, co fin de que en todo momento poida darse razón das operacións realizadas.

Admítese como xustificación dos gastos na Contabilidade municipal, a declaración responsable de cada portavoz, de aplicación dos fondos recibidos ás finalidades contempladas na normativa en vigor. Esta declaración deberá emitirse o primeiro bimestre do exercicio seguinte á da xustificación dos gastos, e en todo caso deberase rendir conta xustificativa con motivo da finalización do mandato. Todo isto, sen prexuízo das obrigas formais sinaladas anteriormente de obrigado cumprimento e que estarán a disposición do Pleno, ou dos órganos de control interno ou externo segundo a normativa vixente en cada momento. Non poderán destinarse, segundo a normativa vixente, ó pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo o servizo da Corporación ou a adquisición de bens que puideran constituir activos fixos de carácter patrimonial.

j) <u>Indemnizacións a membros da Corporación e persoal do Concello</u>

1.- Por asistencias a sesións, percibirán todos os membros electos da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial as seguintes indemnizacións:

a) Por concorrencia a sesións do Concello Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.

b) Por concorrencia a sesións da Xunta de Goberno Local, a asistencia de 60 euros, coa mesma limitación do parágrafo anterior.



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

c) Por concorrencia as sesións das Comisións de Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.

Establécense con carácter indemnizatorio dos gastos incurridos por causa da asistencia ás sesións de ditos órganos.

As asistencias liquidaranse e satisfaranse mensualmente con carácter xeral. No suposto de que a consignación orzamentaria resultara insuficiente, pode recoñecerse o crédito correspondente no seguinte exercicio.

A Alcaldesa ou, de ser o caso, o/a Tenente de Alcaldesa Delegado da Área correspondente aprobará mensualmente a nómina de percepcións dos membros corporativos.

2.- As indemnizacións en forma de asistencias por concorrencia a tribunais satisfaranse a quen participe en tribunais de oposicións, concursos e concurso-oposicións, con cargo á aplicación orzamentaria correspondente, en atención á responsabilidade na evaluación das fases do proceso selectivo.

A contía das referidas asistencias a cada un dos membros dos tribunais, por día de actuación, será a que corresponda segundo o artigo 27 e seguintes do Real decreto 462/2002, do 24 de maio ou normativa que o actualice, calquera que sexa o número de actuacións dentro da mesma data, segundo as tres categorías de acceso a corpos ou escalas sinaladas nel, coas contías fixadas no anexo IV do citado real decreto, ou a que resulte das revisións periódicas, acordadas polo Consello de Ministros e publicadas no Boletín Oficial do Estado, conforme á disposición final cuarta do real decreto mencionado. O devengo acomodarase asimesmo ás normas que ao efecto determine a Xunta de Goberno Local.

Estas percepcións son compatibles coas de gastos e axudas de custo de viaxe que, se é o caso, podan corresponder ós que para concorrer ó tribunal se despracen da súa residencia oficial.

3.- Cando os membros da Corporación, así como a Xefatura de Gabinete e órganos directivos sempre que quede acreditada a necesidade de asistir cos membros da Corporación, viaxen en comisións de servizo debidamente autorizadas, excepto para a asistencia a sesións de órganos corporativos, serán indemnizados cando o fagan en vehículo propio a calquera lugar fóra do seu domicilio, a razón de 0,19 euros/km. Se a viaxe se efectuase doutro xeito, polo importe efectivamente xustificado.

As axudas de custo por estas comisións de servizo regularanse na súa percepción de acordo coas normas do Real decreto 462/2002, do 24 de maio (ou normativa de aplicación actualizada), correspondendo á categoría de grupo primeiro, se ben os membros corporativos e a Xefatura de Gabinete e órganos directivos no seu caso, poderán optar pola modalidade de xustificación de todos os



MURALLA patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

gastos ocasionados, cos oportunos xustificantes e rendición de contas debidamente tramitadas e aprobadas pola Alcaldesa ou Tenente de Alcaldesa Delegado en materia de Persoal ou Réxime Interior e, polo tanto, sendo indemnizados polos gastos efectivamente realizados.

4.- O réxime de indemnizacións a funcionarios por viaxes por razón do servizo será o previsto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, ou normativa que a actualice ou estea vixente.

Nas comisións cunha duración que sexa igual ou inferior a un día natural, non se percibirán gastos de aloxamento nin de manutención, salvo cando tendo a comisión unha duración mínima de cinco horas, esta se inicie antes das 14:00 horas e finalice despois das 16:00 horas, suposto no que se percibirá o 50% do importe da axuda de custo por manutención.

Cando as comisións teñan unha duración igual ou menor de 24 horas, pero abrangan parte de dous días naturais, percibiranse indemnizacións por gastos de aloxamento correspondentes a un só día e os de manutención nas condicións fixadas no parágrafo seguinte para os días de saída e regreso.

No día de saída percibiranse gastos de aloxamento, pero non de manutención, se a saída é posterior ás 22:00 horas. Se a saída é anterior ás 14:00 horas, percibirase o 100% dos ditos gastos, e se é entre as 14:00 e as 22:00 horas percibirase o 50% deles.

No día de regreso non se percibirán gastos de aloxamento. En canto ós de manutención, só se percibirá o 50% deles, sempre que a hora de chegada sexa posterior ás 14:00 horas.

Nos casos excepcionais, dentro dos supostos a que se refiren os parágrafos anteriores, nos que a hora de regreso da comisión de servizo sexa posterior ás vinte e dúas horas, e por iso obrigue a realizar a cea fóra da residencia habitual, farase constar na orde de comisión, e aboarase adicionalmente o importe máximo do 50% da correspondente axuda de custo de manutención, tras a xustificación con factura ou recibo do correspondente establecemento.

En calquera caso, en caso de presentación de documentos xustificativos (facturas, tickets etc) por importes inferiores ás cantidades sinaladas, indemnizarase polo importe efectivamente xustificado, en atención á natureza indemnizatoria destes gastos, actaundo as contías sinaladas como tope máximno en todo caso.

Os gastos de viaxe, mesmo no termo municipal, fóra da cidade de Lugo percibiranse da forma seguinte:

a) Gastos de viaxe, polo seu importe coñecido, na clase autorizada.

b) Se se utiliza vehículo propio, a razón de 0,19 euros/km para automóbiles, e 0,078 euros/km para motocicletas, por aplicación do disposto na Resolución do 1 de decembro de 2005, que revisa o Real decreto 462/02, do 24 de maio.

c) Para render contas de comisións de servizo utilizarase o modelo confeccionado ó efecto.

Aplicaráselle por analoxía o mesmo réxime ó persoal laboral.



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Para o caso de comisións de servizos debidamente autorizadas ao persoal, funcionario ou laboral, da Corporación, o Concello sufragará o custe de aloxamento e desprazamento, dentro dos custes máximos en cada caso, previa petición do traballador de non adiantar o seu importe e de renuncia ás dietas que lle puideran corresponder.

k) Asistencias dos membros do *Tribunal Económico-Administrativo* do Concello de Lugo: pola concorrencia a sesións do Tribunal Económico-Administrativo municipal establécese unha asistencia de 120,00 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día nin 5 sesións por mes, e correspondentes a sesións cuxo contido se refira ó exame, análise e evaluación das reclamacións presentadas e non meras cuestións formais ou organizativas.

l) A asistencia a *cursos de formación e perfeccionamento* por parte do persoal municipal que ocasionen gastos con cargo ó Presuposto de Gastos, ou que impliquen asunción de gastos de axudas de custo de manutención, estanza ou desprazamento, matrícula ou outros similares, deberá ser autorizada polo Concelleiro Delegado en materia de Persoal, co conforme da Alcaldesa. Á solicitude acompañarase unha breve memoria do contido do curso e da súa relación co posto de traballo que ocupe o funcionario ou persoal laboral.

Para a concesión da autorización, aplicaranse os seguintes criterios.

- Existencia de crédito presupostario axeitado e suficiente
- Número de cursos realizados polo traballador nos últimos dous anos
- Informe do superior xerárquico
- Conformidade do responsable da área de gasto
- Inicidencia na prestación do servizo ó que se adscribe ó traballador
- Non poderase conceder a autorización á empregados con contratos con períodos de duración inferior ó ano ou vinculados á subvencións, salvo proposta motivada do concelleiro delegado

No caso de órganos de goberno e persoal eventual ou de confianza, requirirase a tramitación do expediente de gasto no que se inclúa a autorización da Alcaldía-Presidencia, o presuposto estimado da actividade formativa separado por conceptos, e informe de existencia de crédito axeitado e suficiente.

m) Asistencia técnica para a avaliación dos criterios de adxudicación de contratos: os profesionais non dependentes do Concello que polos seus coñecementos técnicos, culturais, científicos ou académicos, sexan designados para formar parte das Comisións técnicas ou Comités de expertos -á que se refiere á normativa vixente en materia de contratación administrativa- cuxo cometido sexa a valoración e ponderación dos criterios de adxudicación de contratos deste Concello, poderán percibir unha remuneración de 130 euros por cada sesión completa: a estos efectos, considerarase como sesión completa a equivalente a unha xornada de traballo de 8 horas. En ningún caso, a remuneración total podrá



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

exceder dos 650 euros (5 sesiones completas), con independencia do número de sesións que efectivamente se realicen. Sobre as cantidades que se devenguen, procederase a practicar a retención correspondente.
A percepción de tales remuneracións serán compatibles coas indemnizacións por razón do servizo relativas exclusivamente á gastos de desprazamento, con aplicación da tarifa de 0,19 euros/km establecida no Real Decreto 462/2002 ou súas actualizacións.

n) establécese unha contía de 100 € em concepto de indemnización para aquellos traballadores que por razón do servicio teñan que traballar em turno de noite os dias 24 de decembro a 25 de decembro e 31 de decembro a 1 de xaneiro.

o) establécese unha contía de 10 € por dia para aquelos traballadores que por razón do servicio presten turnos de 24 horas continuadas, para deixarlles indemnes dos gastos estimados.

p) establécense en base ao informe da asesoría xurídica, as seguintes contías máximas para deixar indemnes aos traballadores municipais dos gastos que lle ocasione a defensa en xuizo por motivos derivados da realización das súas funcións sempre que se acredite a imposibilidade da asistencia xurídica por medios municipais:

- 1º Asistencia ao detido.

Pola asistencia ao detido, xa sexa en sede do Xulgado ou en dependencias policiais: 240 euros.

- 2º Visitas ao cliente en Centro Penitenciario.

As visitas ao cliente interno nun Centro Penitenciario necesarias para preparar a súa defensa aboaranse en función da súa duración, incluindo o tempo empregado no desprazamento, a razón de 240 euros a primeira hora e 30 euros as seguintes.

- 3º Redacción de escritos.

Escrito razoado solicitando o sobreseimento e/ou arquivo das actuacións: 435 euros.

Escrito razoado relativo á situación persoal do investigado: 270 euros.



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Escrito razoado promovendo calquer tipo de incidentes (cuestións de competencia, prexudicialidade, recusación, etc): 500 euros.

Escritos sobre solicitude de proba: 205 euros.

Escritos relativos á adopción de medidas cautelares para aseguramento de responsabilidades civís: 125 euros.

Outros escritos que non sexan de mero trámite: 165 euros.

Escritos de mero trámite (persoación, solicitude de testemuñas, cambio de domicilios, suspensión de dilixencias …): 80 euros.

- <u>4º Asistencia á práctica de dilixencias</u>.

Asistencia a interrogatorios de imputados e testemuñas, incluida a labor de preparación dos mesmos: 165 euros.

Pola asistencia a calquera outra dilixencia que requira a presencia do Letrado ou esta sexa conveniente para os intereses do investigado: 205 euros.

Comparecencias do Letrado na sede do Xulgado para actos de trámite: 80 euros.

**XUIZO ORAL.-**

- <u>5º Instrucción da causa e alegacións á conclusión do sumario</u>

Pola instrucción da causa e redacción do escrito de alegacións sobre conclusión do sumario: 330 euros.

- <u>6º Escritos de acusación y defensa</u>

Procedemento abreviado: 535 euros

Procedemento ordinario: 830 euros

- <u>7º Asistencia ao xuizo oral</u>.

Pola preparación e asistencia ao xuizo oral ante o Xulgado do Penal: 620 euros



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

No caso de que a vista se desenvolva en varias sesións, poderá considerarse por cada sesión adicional unha cantidade de 240 euros.

Cando a vista do xuizo oral se desenvolva ante a Audiencia Provincial, aplicaranse aos criterios anteriores un incremento de ata o 50%.

**XUIZOS POR DELITOS LEVES.**

- 8º Redacción de escritos.

Aplicaranse os criterios establecidos no punto 3º.

- 9º Asistencia a dilixencias

Aplicaranse os criterios establecidos no punto 4º.

- 10º Asistencia ao xuizo

Pola asistencia a xuizo: 400 euros.

**RECURSOS.-**

- 11º Recurso de Reforma.

Recurso de Reforma contra resolucións du xuiz de instrucción, con carácter xeral: 330 euros.

- 12º Recurso de Apelación.

Recursos de apelación contra as resolucións do xuiz de instrucción que o admitan, con carácter xeral: 740 euros.

Se o recurso de apelación fose precedido do recurso de reforma e non fose subsidiario a este: 330 euros.

Recurso de apelación contra sentenza do Xulgado do Penal: 1200 euros.

Recurso de apelación contra sentenzas do xuiz de instrucción en xuizos por delitos leves: 700 euros.

- 13º Recurso de Queixa



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Con carácter xeral: 500 euros.

Cando o recurso se dirixa contra resolución de inadmisión do recurso de apelación: 250 euros.

- 14º Recurso de Súplica

Con carácter xeral: 330 euros, podendo variar atendendo á trascendencia da resolución a que afecten.

- 15º Recurso de Casación

Pola preparación do recuso de casación:

- Por infracción de Lei: 250 euros
- Por quebrantamento de forma: 330 euros.
- Por ambos motivos: 500 euros.

Pola redacción do escrito de interposición de recurso de casación:

- Por infracción de Lei: 1650 euros.
- Por quebrantamento de forma: 1650 euros.
- Por ambos motivos: 2480 euros.

- 16º Recurso de Revisión.

Con carácter xeral, o aboamento axustarase aos seguintes criterios:

- Pola redacción do escrito promomento o recurso: 1.000 euros.
- Pola redacción do escrito interpoñendo o recurso: 830 euros.
- Pola asistencia á vista con informe: 1240 euros.

- 17º Aclaración de sentencias: 205 euros.

**OUTRAS ACTUACIÓNS**

- 18º Nulidade de actuacións

- Nulidade de actos procesuais da instrucción (rexistros, declaracións,…): 415 euros.
- Nulidade de actos da fase intermedia: 330 euros.
  Nulidade de sentenza: 830 euros.



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

## BASE 19: ORDES DE PAGAMENTO "A XUSTIFICAR"

As ordes de pagamento que poidan expedirse "a xustificar" deberán axustarse ás seguintes normas:

- A expedición e execución das ordes de pagamento "a xustificar" poderá efectuarse, tras a aprobación polo órgano competente da autorización do gasto, achegándose informes sobre as circunstancias polas que non se poden acompañar os documentos xustificativos antes da orde de pagamento.
- Os fondos librados "a xustificar" poderán situarse a disposición da persoa autorizada en conta corrente bancaria aberta para o efecto.
- Os conceptos orzamentarios ós que son de aplicación as ordes de pagamento "a xustificar" limítanse ós diversos conceptos dos capítulos 2º e 4º da clasificación económica do orzamento de gastos.
- A xustificación das ordes de pagamento deberá efectuarse no prazo de tres meses, como máximo, ante ó Titular do órgano de xestión económica-financeira e Intervención xeral da Corporación, acompañando facturas e documentos auténticos que xustifiquen a saída de fondos coa dilixencia do funcionario ou persoal laboral do servizo correspondente, de que se realizou este, de que se efectuou a obra, de que se achegou o material correspondente ou de que se realizou, en xeral, o gasto de plena conformidade. Non obstante, a 31 de decembro, os mandamentos desta natureza deberanse render e ser aportada a súa xustificación, téndose procedido no seu caso, ó reintegro correspondente. A conta, cos documentos e o certificado de existencia de crédito polo órgano responsable da contabilidade, someterase ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área Económica para a súa aprobación. De non se render nos prazos establecidos a citada conta, procederase a instruír de inmediato expediente de alcance de fondos contra a persoa que recibiu as cantidades "a xustificar", de conformidade co disposto para o efecto na Lei xeral orzamentaria.

Só se poderán expedir, con carácter xeral, ordes "a xustificar" nos seguintes supostos:

- Que o perceptor non teña pendente de xustificar polo mesmo concepto orzamentario fondos librados "a xustificar".
- Que o seu importe non supere a cifra de 2.000 euros, salvo causa xustificativa que determine un maior importe.
- Que os fondos non se destinen a gastos de capital ou investimento.
-

Para atencións de carácter periódico ou repetitivo, terán o carácter de anticipos de caixa fixa, regulándose polas súas normas específicas e polo disposto na base núm. 20.

En relación ós libramentos anticipados de fondos que podan realizarse durante o exercicio, debe unirse ó expediente con carácter previo, a expedición do correspondente mandamento contable RC polo importe solicitado, con cargo á



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

aplicación orzamentaria que lle sexa de aplicación, segundo a natureza económica do gasto.

Tratamento singular poderá outorgarse ás aplicacións das entregas das aportacións municipais para a atención das obrigas que se xeren como consecuencia da execución das tarefas que se correspondan co funcionamento ordinario da sociedade mercantil de capital íntegramente local, EVISLUSA. Neste caso, poderán expedirse mandamentos contables ADOP, polas entregas parciais da aportación municipal, en función das necesidades orzamentarias e financeiras da entidade, sen más limitación que a obriga de presentación das correspondentes Memorias (contas xustificativas) dos gastos derivados do desenvolvemento dos programas asignados á entidade. No suposto de encomendas específicas, singulares e extraordinarias, esixirase a presentación da documentación acreditativa do cumprimento total ou parcial das tarefas encomendadas con ese carácter, en función das tarifas establecidas nos respectivos acordos de encomenda.

**BASE 20: ANTICIPOS DE CAIXA FIXA**

Os anticipos de caixa fixa rexeranse polo disposto nos artigos 73 a 76 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e polo que a continuación se dispón:

a) As aplicacións orzamentarias con cargo ás cales se poderán atender gastos mediante anticipos de caixa fixa serán as correspondentes ó capítulo 2º e 4º do Orzamento xeral de gastos e as de emerxencia social. Tamén se poderán atender os gastos (non orzamentarios) correspondentes ós anuncios oficiais por conta de terceiros efectuados con cargo ó concepto non orzamentario 10051.

b) Límites cuantitativos:

A contía global dos anticipos de caixa fixa non poderá exceder a cantidade de 3.000.000 euros. Individualmente, as cantidades que se perciban en concepto de caixa fixa non poderán ser superiores á cifra de 3.000 euros.

c) Réxime de reposicións:

As ordes de pagamento de reposición de fondos deberán ser aplicadas ás partidas ou conceptos a que correspondan as cantidades xustificadas, e non poderán exceder o importe das ditas xustificacións.

d) Situación e disposición dos fondos:

Para situar os fondos correspondentes a cada perceptor como anticipo de caixa fixa, procederase á apertura dunha conta corrente nunha entidade bancaria, individualizada por perceptor, co título: “*Excmo. Concello de Lugo, perceptor X. anticipo de caixa fixa”.* Cando o perceptor é o Tesoureiro ou funcionario da Tesourería municipal, os fondos poderán situarse de forma independente na caixa xeral da Corporación.

Os fondos situados en tales contas terán para todos os efectos carácter de fondos públicos municipais e os seus xuros ingresaranse no concepto correspondente do capítulo V do Orzamento xeral do Concello.



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Os perceptores do anticipo poderán dispoñer dos fondos coa súa soa sinatura, unicamente para as finalidades autorizadas, e quedará absolutamente prohibida a utilización persoal dos ditos fondos.

Para os anticipos de caixa fixa constituídos para a atención de gastos de emerxencia social poderase solicitar que se habilite a operatividade a través de banca electrónica. Nestes casos, cando o habilitado perceptor deixe de ejercer ditas funcións relacionadas coa emerxencia social por cese ou por ILT, deberá comunicarse de forma inmediata á Tesourería Municipal coa finalidade de proceder ao bloqueo de dita operativa.

Mensualmente, renderase a conta e remitiranse as facturas xustificativas dos gastos e o extracto bancario.

En calquera momento o órgano de xestión orzamentaria, económico-financeiroa e Intervención poderá solicitar estados da situación das contas correntes e referidos a datas concretas.

e) Contabilidade e control.

O seguimento contable dos anticipos farase na forma prevista na Instrución de contabilidade para a Administración local.

Os perceptores de anticipos serán nomeados pola Alcaldesa ou Tenente de Alcaldesa Delegado de cada Área, ó que tamén lle compete deixar sen efecto o nomeamento.

Cando por un período superior a seis meses non se faga uso dun anticipo de caixa fixa, o o servizo titular do mesmo deberá acordar a súa cancelación.

## BASE 21: NÓMINAS E OUTROS GASTOS DE PERSOAL

1. Nóminas.

O pagamento de toda clase de retribucións ós funcionarios e demais persoal deste Concello efectuarase mediante nómina mensual que se pechará o día 15 de cada mes, e as alteracións que se produzan con posterioridade a esta data causarán efecto na nómina do mes seguinte, salvo motivación expresa do servizo de Persoal

Xunto coa nómina **achegarase obrigatoriamente** un parte das variacións que tiveran lugar nela en relación co mes anterior, para a súa debida fiscalización, conformado polo/a xefe/a de servizo de Persoal e polo responsable da Área.

A nómina será autorizada pola Alcaldesa ou Tenente de Alcaldesa Delegado da Área e levará a conformidade do Xefe/a do Servizo de Persoal ou quen asuma as súas funcións, pola que se acreditará que os funcionarios comprendidos nela realizaron os servizos que nela se sinalan e retribúen.



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2. <u>Retribucións do persoal laboral temporal e funcionarios interinos</u>.

As retribucións do persoal laboral temporal e funcionarios interinos serán as que figuren nos seus respectivos contratos, e non poderán superar en ningún caso as correspondentes ós funcionarios de carreira de similar categoría.

Quedan exceptuados do dereito a obter anticipos de haberes e outros beneficios sociais de carácter económico recoñecidos ó persoal municipal, xa sexa por regulamento ou por convenio colectivo, ó persoal laboral temporal e funcionarios interinos, así como a calquera outro persoal que non ocupe praza de plantilla en propiedade con carácter definitivo e permanente

## BASE 22: EXPROPIACIÓNS E ADQUISICIÓNS DE BENS

Os acordos de expropiacións ou adquisicións de bens ou dereitos serán adoptados pola Xunta de Goberno Local. O dito órgano, se é o caso, solicitará da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens.

## BASE 23: GASTOS DE CARÁCTER PLURIANUAL

A autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinaranse ó crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

Os ditos gastos estarán sometidos ás limitacións establecidas nos artigos 174 do TRLRFL e 79 a 88 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

Nos casos de investimentos e transferencias de capital ou correntes, o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros non poderá exceder da contía que resulte de aplicar ó crédito inicial correspondente no ano en que se adquira o compromiso en firme as seguintes porcentaxes:No exercicio inmediato seguinte o 70%, no 2º exercicio o 60% e no 3º e 4º exercicios o 50%.

No suposto de que os ditos investimentos ou transferencias de capital ou correntes deriven de convenios de cofinanciamento que se van subscribir con entes públicos ou privados, as porcentaxes e contías serán as que neles se determinen. Así mesmo, no suposto de que os gastos plurianuais se financiaren con aportacións de terceiros distintos ós anteriores mediante convenio ou subvencións, as porcentaxes e contías serán os que nestes se determine.

As excepcións dos límites porcentuais sinalados anteriormente, corresponde á Xunta de Goberno Local, que deberá motivar a proposta, en función das disponibilidades orzamentarias e os compromisos de habilitación orzamentaria que sexan esixibles.



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

## TITULO IV SUBVENCIÓNS

### BASE 24: SUBVENCIÓNS

De acordo co disposto no artigo 17.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), regúlase na presente base o marco que rexe as bases reguladoras das subvencións a conceder polo Concello de Lugo, que se desenvolven no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da LXS, en adiante RLXS, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en adiante LSG, na ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo, en adiante OXMS para as distintas modalidades de subvencións.

As propostas de establecemento de subvencións, deberán estar incluídas no Plan estratéxico de subvencións no que se concreten os seus obxectivos e efectos, prazo para a súa consecución, custos previsibles e fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ó cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e os créditos aprobados no Orzamento xeral.

A

B A) Ámbito de aplicación**.**

C As subvencións que conceda este Concello axustaranse ás prescricións da LXS, RLXS, LSG, da OXMS ou das súas actualizacións e ó contido da presente base.

D

B) Principios xerais.

As subvencións outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos

C) Órganos competentes.

Estarase ós acordos de delegación de competencias vixentes, e sen prexuizo dos que durante o exercicio se poidan acadar, a distribución de competencias en materia de subvencións .

D) Xustificación e control.

A xustificación, co alcance e contido recollido nas bases de concesión de subvencións, acompañarase das facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento de Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e RD 1619/2012 de 30 de novembro.

O control financeiro e a fiscalización das subvencións realizarase pola Intervención Xeral Municipal co alcance establecido nas normas regulamentarias de control interno que se aproben, no título III da LXS, na OXMS e nas presentes bases.



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

E) <u>Subvencións nominativas: Anexo</u>

En relación ás subvencións nominativas, a presente relación se fundamenta nas propostas remitida polas distintas Áreas de xestión, sendo da súa responsabilidade a acreditación e determinación da imposibilidade de fomentar a concurrencia competitiva e, polo tanto, a motivación da singularidade e excepcionalidade da seguinte proposta:

**SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS 2021**

| Aplicac.Presup. | Area | NIF | Finalidade | Importe |
|---|---|---|---|---|
| **17000.48900** | **MEDIO AMBIENTE** | | | |
| " | Sociedad Protectora Animais e Prantas | G27020460 | Proxecto coidado dos animais abandonados, campañas publicidade e colaboración na identificación de cans mediante microchip | 200.000,00 |
| | **TOTAL** | | | **200.000,00** |
| **23171.48900** | **MULLER** | | | |
| " | Asociación de mulleres a Casiña de Esperante | G27250356 | Obradoiros promoción do benestar social da muller da zona rural de Lugo | 1.000,00 |
| | **TOTAL** | | | **1.000,00** |
| **23179.48900** | **SERVIZOS SOCIAIS** | | | |
| " | AFALU. Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias | G27285980 | Actividades de estimulación cognitiva para doentes de alzheimer e outras demencias | 10.000,00 |
| " | AGADHEMO. Asociación Galega de Hemofilia | G15220577 | Escola de Formación para persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas en Lugo | 2.500,00 |
| " | ALCER Lugo | G27015866 | Mantemento e atención dietética para persoas con enfermidade do Ril | 2.500,00 |
| " | ALUCEM. Asoc. Lucense de Esclerosis Múltiple | G27209535 | Actividades destinadas a persoas afectadas | 2.500,00 |
| " | ALUME SAÚDE MENTAL. Asociación lucense de axuda a enfermos mentais | G27198977 | Pluriasistencial de apoio e rehabilitación para enfermos mentais | 10.000,00 |
| " | ASORLU. Asociación de persoas xordas de Lugo | G27021187 | Servizo de intérprete de lingua de signos: servizo de mantemento | 19.000,00 |
| " | ASPACE LUGO Asociación de persoas con parálise cerebral de Lugo | G27178904 | Mantemento de locais sociais e programas | 5.000,00 |
| " | ASPNAIS-Asociación de pais ou titores de persoas con discapacidade intelectual de Lugo | G27018365 | Campamento de verán | 16.000,00 |



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible

CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| “ | AUXILIA. Asociación para a promoción social e cultural de persoas con discapacidade física | G08317059 | Por aquí movémonos tod@s: a eliminación de barreiras e a promoción da autonomía persoal | 12.000,00 |
| “ | A. XITANA LUGO. Asociación de promoción e integración gitana de Lugo | G27017987 | Mantemento do local social e actividades | 10.000,00 |
| “ | CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO | R2701016D | Cobertura de necesidades básicas a persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade social | 9.000,00 |
| “ | AECC. Asociación Española contra el cáncer | G28197564 | Atención integral as persoas diagnosticadas de cáncro de mama | 2.500,00 |
| “ | ADACE LUGO. Asociac.de dano cerebral adquirido sobrevido | G27337278 | Mantemento das instalacións da sede social | 8.000,00 |
| “ | ACADAR. Asoc. de mulleres con discapacidade de GALICIA | G70223417 | Emprego e Saúde a través do Empoderamento | 3.000,00 |
| “ | COGAMI LUGO. Federación de asociacións de persoas con discapacidade de Lugo. | G27219773 | Información, Orientación, Asesoramento e fomento da autonomía persoal para a inserción laboral de persoas gravemente afectadas do Concello de Lugo. | 19.000,00 |
| “ | Asociación penitenciaria CONCEPCIÓN ARENAL | G27119809 | - Xornadas penitenciarias lucenses 1.500 €<br>- Servizo de información, orientación e atención social 3.000 €. | 4.500,00 |
| " | Cruz Roja Española | Q2866001G | -Programas vinculados á xestión do piso destinado á acollida temporal de persoas sen fogar 6.500 €.<br>- Proxecto actuacións específicas transeúntes e persoas sen fogar 73.491 € | 79.991,00 |
| “ | Asociación síndrome de DOWN de Lugo | G27202043 | Programa de autonomía persoal e social | 5.000,00 |
| “ | FADEMGA PLENA INCLUSION SOCIAL GALICIA. Federación Galega de Asociacións en favor das persoas con discapacidad intelectual o del desarrollo | G36620037 | Servizo de Información e orientación laboral (SIOL) e o servizo de apoio para o emprego (SAE) en Lugo para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento | 2.000,00 |
| “ | FEAFES GALICIA (Federación de | G15545353 | Servizo de emprego e | 5.000,00 |



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible

CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia | | formación para persoas con enfermidade mental | |
| “ | Asociación Ledicia Cativa | G32298101 | Acollemento estival en familias luguesas de persoas menores rusas afectadas pola radiación de Chernobyil | 3.000,00 |
| “ | RAIOLAS LUGO. Asociación de pais/nais de persoas con trastornos do espectro autista | G27255991 | Escola de familias | 2.000,00 |
| “ | SAHARAUIS. Solidariedade Galega co Pobo Saharaui | G15924558 | Vacacións en Paz | 7.000,00 |
| “ | SECRETARIADO GITANO | G83117374 | Programa operativo de Inclusión Social e Economía Social ACCEDER | 38.000,00 |
| “ | ASOCIACIÓN PARKINSON LUGO | G27382027 | Programa de actividades para enfermos de parkinson | 3.000,00 |
| | **TOTAL** | | | **280.491,00** |
| | | | | |
| **33000.48900** | **CULTURA** | | | |
| " | Circulo das Artes | G27006238 | Celebración de eventos e actividades culturais municipais no Salón Rexio | 5.500,00 |
| “ | Fundación Rosalía de Castro | G15040850 | Visitas guiadas para escolares do municipio de Lugo para difundir a figura e a obra da autora. | 3.000,00 |
| “ | Fundación Feiras e Exposicións de Lugo | G27161496 | Xuven Lugo 2021 | 7.000,00 |
| “ | Asociación Prov. de Hostelería | G27021005 | Concurso de Tapas | 18.000,00 |
| “ | Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega | G15039936 | Paseos literarios pola cidade de Lugo e a Celebración de Gala das Letras- Premios AELG 2021 | 6.000,00 |
| “ | Grupo cinematográfico "Fonmiña" | G27011865 | Semana Internacional de Cine de Autor 2021 | 20.400,00 |
| “ | Asociación Correlingua | G70325683 | Celebración Carreira pola Lingua | 3.000,00 |
| “ | Sociedad Filarmónica Lucense | G27013069 | Celebración Concertos Tempada 2021 | 4.000,00 |
| “ | Fundación Manuel María | G70109376 | Contribuir á conservación e divulgación do legado e memoria do poeta Manuel María | 4.000,00 |
| " | Asociación de amigos do Jazz "Escobijazz" | G27112796 | Festival de Jazz de Lugo | 22.000,00 |
| " | Universidade Santiago Compostela (LUGO CULTURAL) | Q1518001A | Proxecto Lugo Cultural 2021 | 20.000,00 |
| | **TOTAL** | | | **112.900,00** |
| | | | | |
| **34100.48900** | **DEPORTES** | | | |
| “ | Club Boxing Cidade de Lugo | G27322163 | Subcampións campionatos de España, títulos | 10.000,00 |



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible

CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | nacionais e galegos. | |
| “ | C. B. Estudiantes | G27032127 | Gastos tempada-Liga EBA Baloncesto masculino representantes nas ligas autonómicas en varias categorías | 15.000,00 |
| " | Club Ciclista cidade de Lugo | G27242825 | Volta ciclista ás comarcas e do día da bicicleta, colaboración co Concello no Corre con Nós | 25.000,00 |
| " | Club Fluvial | G27008549 | Torneos - Campións de España e medalla olímpica carreiras de montaña, cursos de iniciación á natación, carreira de orientación | 20.000,00 |
| " | Club Porta XI Club baloncesto Ensino | G27324284 | Gastos tempada- Liga Día – 1ª división Baloncesto feminino | 75.000,00 |
| " | Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial | G27139013 | Gastos tempada-1ª división nacional campión individual do muindo | 33.000,00 |
| " | Asociación cultural e deportiva FEFEME | G27268390 | Triatlón do Miño, Duatlón Lugo e Lugo monumental atletismo | 25.000,00 |
| “ | Club voleibol EMEVE | G27041490 | Gastos tempada-Superliga masculina 1ª división, superliga feminina 2. | 65.000,00 |
| " | Escudería Miño | G27166677 | Organización Rallye San Froilán | 25.000,00 |
| “ | Gestop Rallie Team | G27384668 | Gastos tempada-Subcampións do mundo Radio control | 4.000,00 |
| " | C.N. Portamiñá Lugo | G27268531 | Gastos tempada-Campións de España e galegos en varias categorías Gastos Tempada | 8.000,00 |
| | | **TOTAL** | | **305.000,00** |
| **43200.48900** | **TURISMO** | | | |
| “ | Xunta de Cofradías de Semana Santa de Lugo | G27294891 | Celebración da Semana Santa de Lugo | 6.000,00 |
| | | **TOTAL** | | **6.000,00** |
| **92400.48900** | **PARTICIPACIÓN CIDADÁ** | | | |
| " | Cruz Roja Española | Q2866001G | Mantemento, conservación e pequenas reparacións | 22.000,00 |
| | | **TOTAL** | | **22.000,00** |

## BASE 24 BIS. APORTACIÓNS A ENTIDADES PARTICIPADAS.



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En relación ás aportacións municipais para o financiamento das actividades ordinarias das entidades relacionadas, participadas total ou parcialmente pola Entidade local que se desenvolverán durante o exercizo 2021, a presente relación se fundamenta nas propostas remitida polas entidades mencionadas e as propostas das distintas Áreas de xestión, polos importes sinalados e con cargo ás seguintes consignacións orzamentarias:

| Nome | CIF | IMPORTE | APLICAC.PRES. |
|---|---|---|---|
| Consorcio Centro Asociado Uned-Lugo | G27377860 | 219.000 euros. | 32600.46700 |
| Fundación Ferias y Exposiciones de Lugo | G27161496 | 47.000,00 euros | 42200.44900 |
| Sociedade Mercantil EVISLUSA, | A27299080 | 345.793,37 euros | 15000.44901 |
| Fundación Rof Codina | G27182856 | 110.000 euros | 32600.48900 |

## TITULO V. FONDO DE CONTINXENCIA

### BASE 25. FONDO DE CONTINXENCIA

En base ó artigo 31 da lei 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, as Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 do TRLFL, incluirán nos seus orzamentos unha dotación diferenciada de créditos presupostarios que se destinarán, cando proceda, á atención de necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento incialmente aprobado, que podan presentarse ó longo do exercicio.

Consígnanse na aplicación orzamentaria 92900.50000 a contía de 400.000 euros.

Sobre tales créditos serán aplicables ás modificacións orzamentarias de natureza cualitativa que se establecen no Real Decreto Lexislativo 2/2004.

## TITULO VI. NORMAS DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DE INGRESOS

### BASE 26. DOS INGRESOS

1º. Todo ingreso levará consigo necesariamente a contracción anterior ou simultánea do correspondente dereito a favor da Facenda Local; é dicir, o asento contable de dereito á percepción dunha cantidade determinada en virtude do precepto legal de carácter xeral, de documento cobratorio ou acto individual de liquidación, debidamente aprobados, coas excepcións que se recollen nesta base.

2º. Ingresos sen previo mandado.



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A Tesoureira como xefe do servizo de cobranza, admitirá, sen necesidade de mandado de ingreso:

a) Os ingresos directos con expedición de xustificante de pago, que se entregará ó contribuínte.

b) As cantidades que cobren na vía pública os axentes municipais, sen previo acto administrativo, mediante talonarios autorizados e intervidos.

Os ditos ingresos traspasaranse á conta restrinxida de recadación que se determine pola Tesourería municipal, expedíndose os mandados de ingreso, que poderán ser colectivos e que se xustificarán mediante o resumo da aplicación definitiva, a cal se xustificará á súa vez polos talóns de cargo ou copias dos recibos nos dous casos expresados, nas dependencias de Facenda Local e Tesourería, respectivamente.

3º. Norma complementaria

1. Para todo o non regulado expresamente nestas bases en materia de ingresos e os seus trámites, modalidades, aprazamentos e fraccionamentos de pagamento polos contribuíntes e demais aspectos da xestión de ingresos haberá que aterse ós preceptos de carácter xeral ditados para a recadación do Estado, Ordenanza fiscal xeral, ordenanzas fiscais particulares e ordenanzas reguladoras dos prezos públicos.

2. En materia de recadación de exaccións periódicas, teranse en conta as medidas que aprobe o Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de economía, a proposta da Tesourería e da Intervención, para aplicación a elas do sistema mecanizado e cobranza por entidades de crédito colaboradoras, establecéndose a oportuna modelación e fiscalización.

3. As contas correntes xerais ou restrinxidas do Concello, abertas para efectos recadatorios en entidades de crédito colaboradoras debidamente autorizadas, terán para todos os efectos a consideración de caixa municipal.

4. O importe da recadación de todos os recursos será ingresado integramente, sen que procedan minoracións de recursos, salvo en virtude de expedientes de devolución de ingresos indebidos, unha vez tramitados e aprobados en forma legal.

4º. A Recadación executiva:

Os obrigados ó pago efectuarán os ingresos nas contas restrinxidas de recadación habilitadas polo Concello nos Bancos e Caixas de Aforro autorizadas como entidades colaboradoras, mediante a presentación do correspondente documento de pago ou abonaré, que a empresa adxudicataria do servizo complementario e de colaboración á xestión municipal da prestación do servizo de recadación executiva deberá ter adaptado ás normas da Asociación Española da Banca, ou ben nas oficinas nas que estea situada a Recadación Executiva.

A titularidade de ditas contas será do Concello de Lugo, sen que a empresa adxudicataria poda dispoñer, baixo ningún concepto, dos saldos, fondos e intereses nelas ingresados.



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O sistema de información permitirá que, en todo momento, o Concello, exercitando as súas funcións de control, poda acceder con carácter permanente ó sistema de información da citada empresa, realizando un seguimento puntual dos expedientes xerados, os cargos emitidos e os cobros realizados e ingresados.

Os xuros que poidera producir esta conta serán en beneficio do Orzamento municipal. Queda terminantemente prohibido situar os fondos recadados en contas distintas ás que se sinalen a tal fin como restrinxidas polo Concello.

## TITULO VII. NORMAS DE CONTROL INTERNO DA XESTIÓN ORZAMENTARIA E ECONÓMICA

### BASE 27 CONTROL INTERNO

O control interno da xestión económico financeira realizarase pola Intervención xeral municipal mediante o exercicio da función interventora, e a función de control financeiro, según o disposto no Regulamento de Control Interno do Sector Público do Concello de Lugo (BOP nº 282 de 10 de decembro de 2019).

### BASE 28. INFORMES DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL

Aos efectos previstos no artigo 218 do TRLHL, e sen prexuízo das modificacións introducidas pola entrada en vigor do Real Decreto 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades del Sector Público Local e do regulamento de Control Interno do Sector Público do Concello de Lugo, a Intervención podrá elevar o seu informe ó Pleno municipal coa ocasión da formación do expediente administrativo da Conta xeral, ou en calquera outro momento, pero en todo caso como asunto distinto dentro do orde do día.

Polas resolucións, actos, convenios, pactos ou acordos que se adopten sen intervención fiscalizadora do funcionario que exerza as funcións interventoras (non remitindo o expediente á fiscalización) ou sen que o prazo de emisión dos informes, por ser inferior a dez días, permita unha adecuada fiscalización (o que se porá de manifesto no propio informe), non se poderá esixir responsabilidade a tales funcionarios.

As Unidades Xestoras e os servizos ou departamentos responsables da tramitación dos expedientes remitirán á Intervención o expediente orixinal e completo, antes de que se dicte o correspondente acordo polo órgano municipal competente; é dicir, con tódolos seus xustificantes e documentos, e unha vez que se emitan tódolos informes preceptivos, tendo un prazo máximo de dez días para a emisión dos informes de fiscalización correspondentes. No suposto de que o acto ou resolución sexa adoptado polo órgano xestor sen previa fiscalización, a Intervención porá de manifesto a devandita omisión na fase seguinte do gasto. En todo caso será de aplicación o disposto no primeiro parágrafo desta Base.



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O titular do posto de Intervención, nos casos de ausencia, enfermidade ou abstención legal, poderá ser substituído nas súas funcións por un funcionario técnico dos servizos económicos coa titulación correspondente, segundo a organización xerárquica do Servizo e de conformidade coa Alcaldía, correspondendo ó Servizo de Persoal a tramitación das actuacións necesarias, sendo de aplicación a normativa vixente na materia sobre nombramentos accidentais.

**BASE 29 COMPROBACIÓN MATERIAL DE OBRAS, SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓNS. RECEPCIÓN.**

Con carácter xeral, para os efectos de comprobación material dos investimentos, a Intervención Municipal delega as súas funcións no técnico/persoal municipal competente por razón da natureza da prestación, que deberá asinar o documento xustificativo (factura ou certificación de obra) conxuntamente co Concelleiro delegado responsable da área de xestión correspondente.

En todo caso, se estará ao disposto no Real Decreto 424/2017 de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local e no Regulamento de Control Interno do Sector Público do Concello de Lugo.

**BASE 30. INSTRUCIÓNS PARA A MELLOR XESTIÓN DE GASTOS E INGRESOS ORZAMENTARIOS**.

Coa finalidade de facilitar o mellor coñecemento das normas de xestión dos procedementos de gastos e Ingresos, e para que os mesmos se adapten plenamente aos principios de legalidade, economía e eficiencia, a Intervención xeral Municipal, a Tesorería municipal ou o órgano de xestión orzamentaria poderán ditar circulares internas nas que se conteñan instrucións e recomendacións dirixidas a tódolos departamentos municipais.

## TITULO VIII . NORMAS CONTABLES E LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO CONTABLE

**BASE 31: CONTABILIDADE**

O modelo contable de aplicación está constituído polas normas da Instrucción do modelo normal de Contabilidade Local vixente. A contabilidade axustarase ó Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local, aplicando os principios contables e normas de valoración recollidas no mesmo.



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Os criterios para a amortización dos elementos do inmovilizado continúan sendo os existentes, é dicir, método lineal, e vida útil estimada a seguinte, con carácter orientativo e sen prexuízo doutros criterios normativos ou técnicos:

Edificios e outras construccións...............................................50 anos
Maquinaria, instalacións e ferramenta.......................................5 anos
Elementos de transporte..........................................................10 anos
Mobiliario e aparellos...............................................................10 anos
Equipos para procesos de información......................................4 anos
Outro inmovilizado material........................................................5 anos
Instalacións complexas eléctricas............................................10 anos
Instalacións complexas rede distribucións................................20 anos
Inmobilizado inmaterial..............................................................5 anos

Considérase como momento de inicio do proceso de amortización, o exercicio inmediato seguinte ó de adquisición do activo.

O valor residual considérase non significativo, polo que segundo o principio de importancia relativa, non se terá en conta para a determinación da base de cálculo sobre a que se efectúa a amortización.

Os criterios para calcular os dereitos de cobro de dudosa ou imposible recadación serán determinados pola Alcaldía a proposta da Tesourería Municipal e Intervención Xeral, e serán incluídos na resolución da aprobación da Liquidación do Orzamento.

O remanente de Tesourería dispoñible para financiar gastos xerais será o que resulte despois de practicar a dedución dos dereitos de cobro de difícil ou imposible recadación.

A Intervención xeral ou órgano competente en materia de xestión orzamentaria, remitirá ó Pleno da entidade, por conducto da Presidencia, información da execución do Orzamento e das operacións non orzamentarias, trimestralmente.

**BASE 32 PROCEDEMENTO PARA A APROBACIÓN DE ANULACIÓNS, BAIXAS OU RECTIFICACIÓNS DE SALDOS INICIAIS DE DEREITOS, OBRIGAS OU PAGOS ORDENADOS, PERTENCENTES Á AGRUPACIÓN DE ORZAMENTOS PECHADOS.**

1. Cando se poña de manifesto, e de cara a un fiel reflexo dos estados contables, a necesidade de tramitar expedientes para a anulación, baixa ou rectificación dos saldos iniciais de dereitos ou obrigas recoñecidas ou pagos ordenados, pertencentes á agrupación de orzamentos pechados, independentemente dos que xurdan por resolucións de actos administrativos ou xudiciais, se é o caso, tramitados nos distintos servizos do Concello, este someterase á seguinte tramitación:

- Informe de Facenda Local, de ser o caso, Tesourería Municipal e Intervención xeral.



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible
CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Proposta motivada e detallada das baixas propostas.
- Ditame da Comisión Especial de Contas.
- Exposición ó público polo prazo de quince días hábiles, a través de edicto no Boletín Oficial da Provincia.
- A aprobación definitiva corresponderá, en todo caso, ó Tenente de Alcalde Delegado da Área Económica.

2. Con carácter excepcional, poderase dar a anulación, baixa ou rectificación de saldos iniciais de aqueles dereitos ou obrigas recoñecidos ou pagamentos ordenados, pertencentes á agrupación de Presupostos pechados, por motivo de duplicidade, erro contable ou similar, mediante resolución da Tenente de Alcaldesa Delegado da Área Económica logo de formación de expediente administrativo correspondente, en que constará constará informe de Tesourería, e da Intervención xeral, no seu caso.

**DISPOSICIÓN FINAL**

Para o non previsto nestas bases, así como para a resolución das dúbidas que poidan xurdir na súa aplicación, haberá que aterse ó que resolva a Alcaldía, previo informe do órgano que proceda segundo a materia (fundamentalmente, xestión orzamentaria, Tesourería e Intervención). Se atenderá ás normas legais e regulamentarias que regulan cada materia, aos Principios Xerais do Dereito e ás normas interpretativas establecidas nos artigos 3 e 4.1 do Código Civil.

Lugo, 26/11/2020
A Alcaldesa

Dona Lara Méndez López



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 03/12/2020)
Versión imprimible

CVD: Z+PeO2wUQ+5a8XqWSpg/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.